




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Costa da Morte. Sector: Costa do Pindo e Monte Louro. Municipio: Carnota. Parroquias: Santa María de Lira no terzo norte, e San Martiño de Lariño no resto. Extensión: 1,93 km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade composta por unha costa recortada na que alternan pequenos salientes rochosos de granito e enseadas de coios. No alto destes suaves cantís desenvólvese unha chaira costeira paralela á liña litoral á que chegan os materiais erosionados das montañas situadas ao leste. O ascenso a elas dáse a través de pendentes que superan o 40% de desnivel ata chegar aos seus cumios aplanados. Destaca o barranco escavado transversalmente neste relevo pola Barranqueira de Reseso, ao sureste da unidade.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade practicamente incluída no Herciniano, cun granito de dúas micas de gran medio a grosso con orientación por deformación, Tipo Barbanza. No sector de Punta da Insua e Praia da Seda, aparece unha pequena área de xistos con niveis de cuarcitas, que pertencen ao Dominio Migmatítico e das Rochas Graníticas, Grupo de Laxe, de idade precámbrico-silúrica. O Cuaternario maniféstase nos sedimentos holocenos de praia nos coídos, aínda que tamén aparece un pequeno sector aluvial na Barranqueira de Reseco. Tamén aparecen depósitos pleistocenos na fronte litoral.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Vertente acantilada incluída dentro do dominio climático Cálido e Húmido; as temperaturas son suaves con valores medios anuais que non baixan de 14° C e a amplitude térmica rolda os 13° C. As precipitacións medias oscilan entre 1200 mm e 1400 mm ao ano. A cabeceira da vertente pertence ao dominio Cálido e Moi húmido xa que se rexistran precipitacións medias acumuladas da orde de 1400 mm a 1600 mm.

OS SOLOS

Solos incipientes de escaso espesor nos que adoita aflorar o substrato rochoso, tipos leptosol lítico e regoso, nos sectores de maior desnivel da vertente e da aliñación montañosa que pecha a unidade na súa cabeceira. A chaira costeira está formada por umbrisoles e cambisoles dístricos.

AS AUGAS

A unidade está composta por unha chaira litoral que cae cara ao mar en forma de acantilado e cuxa discontinuidade se interrompe na valgada que forma a Barranqueira de Reseso á altura da praia da Area. O resto dos cursos fluviais teñen moi pouca entidade. A masa de Augas Costeiras que baña a unidade é a vinculada á Punta dos Remedios (20145).

O PATRIMONIO NATURAL

Fronte e chaira costeira próxima incluídas no LIC Monte e Lagoa de Louro. Domina a fronte rochosa cos hábitats 1230, acantilados mariños atlánticos e, sobre todo, debido a extensas plataformas e praias de coios, así como praias areosas, o 1210, vexetación anual sobre refugallo mariños acumulados. Nas praias de Area e Seda desenvólvese o grupo 21 de dunas atlánticas. O grupo 82 de hábitats, pendentes rochosas con vexetación casmofítica, adquire moita importancia nas ladeiras e cumes que pechan a unidade. Tamén adquiren especial relevancia as breixeiras secas costeiras atlánticas de Erica vagans (4040), na chaira próxima ao mar, e as breixeiras secas europeas (4030), nas vertentes superiores. Na Barranqueira de Reseco, existe un pequeno bosque ripícola (91 E 0).

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Trátase dunha unidade na que destacan os elementos naturais. A súa fronte está formada por acantilados e sistemas de dunas que dá paso a unha chaira costeira, que acolle algunhas actividades produtivas de forma diseminada. A partir de aquí pechando a parte leste, atópanse as elevacións montañosas do Carreiro e O Reseso poboando as masas de repoboación unha pequena parte das súas ladeiras. Na metade sur unhas poucas edificacións anuncian a proximidade do núcleo tradicional de Lariño, situado na veciña unidade Praia de Lariño. O territorio restante está ocupado por masas de vexetación costeira.

MORFOLOXÍA

As escasas edificacións sitúanse nas zonas chairas da unidade. As situadas ao norte nas marxes da AC_550 presentan carácter produtivo e as situadas na parte meridional teñen carácter residencial, cunha tipoloxía típica do rural.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A vía primaria que vertebra a unidade é a AC-550 atravesándoa lonxitudinalmente. Desta vía saen bifurcacións cara ao litoral e cara ao núcleo sur de Lariño. Por último nas zonas máis elevadas, situadas ao leste do ámbito (O Reseso e Pirón) atópanse pistas forestais.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O patrimonio cultural está representado polo Faro de Punta Insua e o Muíño de Vento de Lariño, ambos os dous situados na parte meridional da unidade. O único patrimonio arqueolóxico que existe é o Petroglifo do Monte Pirón.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Unidade formada por unha chaira litoral seguida dunha cadea montañosa que é atravesada polo Río Barranqueira de Reseso e que ocupa a parte oriental .Todo isto xunto coa escaseza de construcións lle confire un marcado carácter natural ao ámbito, aínda que está influenciado polos núcleos de Lariño e Miñarzo ao sur e norte respectivamente, xa que cruza lonxitudinalmente a unidade a vía AC-550, propiciando a aparición de novas edificacións de carácter espontáneo nas proximidades da estrada.

DINÁMICA DA PAISAXE

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Paisaxe pouco antropizada, presenta un bo estado de conservación sendo as súas praias, acantilados e o seu inventario patrimonial os maiores reclamos turísticos. Dende o cumo dos montes O Reseso e Carreio obtéñense as mellores panorámicas da unidade ademais de actuar como fondo escénico. Un excelente punto de observación é o Faro de Punta Insua.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



